




PONTEVEDRA  
AMAL 22  
EN RUTA

Do 5 ao 9 de setembro  
TEATRO PRINCIPAL

MOSTRA DE CINEMA EUROARABE | AMAL EN RUTA





# Carta do director:

## Ghaleb Jaber Martínez

Tres palabras, orgullo, legado e cultura, e sete anos para rodar a nosa historia na cidade do Lérez.

**Orgullo.** Non hai mellor marco para rodar a historia de Amal que as vilas e cidades do noso país. Durante tantos e tantos días, cada recuncho da nosa xeografía, as persoas coas que coincidimos nesta viaxe e as experiencias vividas documentaron fotograma a fotograma o que somos hoxe, e por iso, sentímonos profundamente orgullosos e orgullosas.

**Legado.** Dá vertixe pensar en como unha pequena idea que xurdiu nunha conversa trivial se foi desenvolvendo e arraigando nos corazóns dos veciños e das veciñas. Unha idea que, por enriba de todo, tiña como único obxectivo traer a cultura árabe a Galicia. 'Amal', e o seu irmán pequeno 'Amal en Ruta' pasaron por múltiples formatos, máis grandes e máis modestos, pero podemos mirarnos no espello coa satisfacción de ter dado o mellor de nós para alcanzar este obxectivo, e por iso estamos moi contentos deste humilde legado.

**Cultura.** E por último, quero darlles as grazas a todas e cada unha das persoas que forman e formaron parte deste proxecto. Programadoras, cineastas, estudantes en prácticas, deseñadoras, azafatas, técnicas de son e de luces... pero sobre todo quero dar as grazas a ti, porque es o actor principal desta película á que aínda lle quedan capítulos que contar e porque xuntos podemos dicir que somos cultura.

**Ghaleb Jaber Martínez.**

**Organiza**



Concello  
de Pontevedra  
Servizo  
de Infraestruturas  
Culturais

**Colaboran**





PONTEVEDRA  
**AMAL 22**  
**EN RUTA**

Do 5 ao 9 de setembro  
TEATRO PRINCIPAL



# Programación

**AMAL EN RUTA 22** consta de 5 longametraxes (tres ficcións e dous documentais) que supoñen un percorrido polo mellor cine árabe da actualidade. Tódas as películas teñen un considerable recoñecemento nos principais festivais de cine internacionais.







PONTEVEDRA  
AMAL 22  
EN RUTA

Do 5 ao 9 de setembro  
TEATRO PRINCIPAL



Luns 5 de setembro — 21.00h  
Teatro Principal

# GODS OF MOLENBEECK (Aatos ja Amine)

DOC

Reetta Huhtanen | 2019 | Finlandia, Bélxica, Alemaña | 73'

O distrito de Molenbeek, en Bruxelas, ten fama de ser un dos epicentros do xihadismo europeo, pero para Aatos e o seu amigo Amine, é simplemente o seu fogar. Xuntos buscan respostas ás grandes preguntas da vida, pero a brutalidade do mundo adulto irrompe cando os terroristas detonan unha bomba no barrio.



## Reetta Huhtanen

Graduada na ELO Film School de Finlandia, estudou realización de documentais, ademais de licenciarse en Socioloxía e Filosofía. As súas películas, "The Coffee Break", sobre tres eternos estudantes, e "Economic Forecasts", sobre o opaco universo da economía, proxectáronse en numerosos festivais internacionais. "Gods of Molenbeek" é a súa primeira longametraxe documental.



**Martes 6 de setembro — 21.00h**  
**Teatro Principal**

# 200 METERS

**FIC**

Ameen Nayfeh | 2020 | Palestina, Xordania, Italia, Qatar, Suecia | 93'

200 metros é a distancia que hai entre dúas localidades palestinas divididas polo muro israelí, que separa a Mustafa da muller e dos fillos. Unha distancia que parece insalvable ata que recibe a noticia de que o seu fillo está no hospital.



## Ameen Nayfeh

Ameen Nayfeh licenciouse en enfermaría, pero o seu amor pola sétima arte acabaría levando ao mundo do cine. Dirixiu varias curtametraxes premiadas en citas internacionais e traballou, de maneira independente, en produción de cine e televisión. "200 Metros" é a súa ópera prima.





PONTEVEDRA  
AMAL 22  
EN RUTA

Do 5 ao 9 de setembro  
TEATRO PRINCIPAL



Mércores 7 de setembro — 21.00h  
Teatro Principal

# THE RETURN: LIFE AFTER ISIS

DOC

Alba Sotorra | 2021 | España, Reino Unido | 90'

Shamina Begum e Hoda Muthana saltaron aos titulares de medio mundo cando, sendo adolescentes, decidiron abandonar os seus respectivos países para unirse ao ISIS. Despois de comprobar en primeira persoa as condicións de vida no autoproclamado Estado Islámico, tratan de pasar páxina e refacer de novo as súas vidas.



## Alba Sotorra

Nada en Reus, Alba é directora e produtora de cinema documental. Licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade Complutense de Madrid, fundou a súa propia produtora audiovisual, o que a levou a traballar, filmar e vivir en varios países como Siria, Turquía ou Qatar.





Xoves 8 de setembro — 21.00h  
Teatro Principal

# GAZA MON AMOUR

FIC

Tarzan Nasser, Arab Nasser | 2020 | Francia, Alemaña,  
Portugal, Palestina, Qatar | 87'

Gaza na actualidade. Issa, un mariñeiro de sesenta anos, está namorado de Siham, unha muller que traballa no mercado coa súa filla. Cando descobre unha antiga estatua de Apolo entre os seus aparellos de pesca, Issa agóchaa sen saber que este descubrimento cambiará a súa vida para sempre. Mentres, a súa confianza aumenta e decide achegarse a Siham.



## Tarzan Nasser e Arab Nasser

Os xemelgos Tarzan e Arab Nasser naceron en Gaza, en 1988. Estudaron Belas Artes na Universidade de Al - Aqsa, onde comezou a súa paixón polo cine e a pintura.

Desde o seu debut, en 2013, cunha curta que foi seleccionada para a competición oficial do Festival de Cannes, a súa progresión cinematográfica foi notable, ata chegar a converterse en referentes do cine palestino.





PONTEVEDRA  
AMAL 22  
EN RUTA

Do 5 ao 9 de setembro  
TEATRO PRINCIPAL




Venres 9 de setembro — 21.00h  
Teatro Principal

# THE REPORTS ON SARAH AND SALEEM

FIC

Muayad Alayan | 2018 | Palestina, Alemaña, Países Baixos,  
México | 127'

Sarah, unha muller israelita que dirixe un café, e Saleem, un repartidor palestino de Xerusalén este, manteñen unha relación fóra dos seus matrimonios. As súas respectivas parellas acaban decatándose dos enganados despois de que Saleem e Sarah pelexasen en público, o que sitúa a Saleem no punto de mira das forzas de seguridade de Israel.



## Muayad Alayan

Cineasta e director de fotografía palestino. Estudou cinema en San Francisco, onde o seu proxecto de fin de grao, o documental "Exiles in Jerusalem", gañou o premio Kodak.

Alayan é cofundador de Palcine Productions, un colectivo de cineastas e artistas audiovisuais que viven en Xerusalén e Belén. Ademais, traballou como profesor de cinema e en varias institucións académicas en Palestina.



# PONTEVEDRA AMAL 22 EN RUTA

Do 5 ao 9 de setembro  
TEATRO PRINCIPAL



Organiza



Concello  
de Pontevedra  
Servizo  
de Infraestruturas  
Culturais

Colaboran



FUNDACIÓN ARAGUANEY  
مؤسسة الأرجواني

